

ANUNCIO

RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS E DATA DO TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE PEÓN/PEOA DE XARDÍN INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2021

Fanse públicos os acordos adoptados polo tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de peón/peoa de xardín incluída na oferta de emprego público do Concello de Fene do ano 2021. en sesión do 20.11.2025

- En primeiro lugar, o tribunal procede ao estudo e contestación da alegación presentada por Manuel José González Rodríguez, que solicita:

“Que se revise mi ejercicio y puntuación. En caso que esté la puntuación correcta, quisiera saber que hice mal para no llegar a la puntuación máxima”.

Segundo consta en acta, a valoración do exercicio da montaxe de carrete de rozadoira, foi:

1. Montaxe correcta. 2 puntos
2. Distancia dos fíos correcta. 1 punto. Segundo criterios técnicos, a medida orientadora dos fíos para un rendemento axeitado considérase entre 14 e 18 cm. por extremo, evitando excesivo desgaste si son moi longos, ou afectación do corte si son moi curtos. Así mesmo, a regra xeral en materia de seguridade establece que os extremos deben ser iguais.
3. Montaxe final que faga ao carrete funcional. 2 puntos

O tribunal comprobou que a montaxe do fío no cabezal foi realizada correctamente polo aspirante, non obstante, verificouse que a lonxitude do fío que sobresaí do cabezal era de aproximadamente 8 cm., lonxitude inferior á considerada adecuada para o correcto funcionamento do equipamento segundo os criterios técnicos habituais, polo que considerouse que non cumpría cos parámetros mínimos orientadores para o tipo de cabezal empregado.

Por este motivo, e conforme ás bases da acta, que establecían unha penalización de 1 punto no caso de que o fío fose demasiado curto, longo ou desigual, o tribunal procede a manter a cualificación outorgada inicialmente.

A alegación, por tanto, desestímase.

- Logo do anterior, o tribunal procede a fixar como data do **terceiro exercicio** do proceso selectivo (proba teórica) para as persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio, para o día **02 de decembro ás 12.00 h.** no salón de plenos do Concello de Fene.

En Fene, asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal, Estefanía Lema Pacín